TEMA 2. A PUBLICACIÓN E REDACCIÓN NA WEB COMO MOTIVACIÓN PARA O ALUMNADO. APRENDER A ESCRIBIR DE XEITO EFICAZ.

Introdución

Neste tema reflexionaremos sobre diferentes claves da actualidade que fan da escrita para a web unha **oportunidade** para a mellora das **capacidades lingüísticas e de expresión escrita do nos alumnado.**

Obxectivo

- Adestrar a nosa capacidade de compresión e creación de texto escrito para a web coa potencialidade de transmitírmonos ao noso alumnado a inquietude pola mellora das habilidades comunicativas nos novos medios.

A escrita na web unha oportunidade

Por que unha oportunidade?

Pois porque vimos dunha sociedade industrial na que se teñen perdido habilidades de comunicación tanto orais como escritas. O peso da sociedade industrial, de masas ou de consumo fíxonos persoas a cada paso máis **pasivas nos nosos hábitos comunicativos.**

Isto trouxo como consecuencia unha falta de valoración do adestramento das destrezas comunicativas básicas, tanto orais como escritas.

Aínda que nos pareza sorprendente o feito de **cambiar a televisión polo ordenador** pode acompañar cambios nos hábitos colectivos e nos enfoques. Isto pode abrir portas a novas necesidades, como a necesidade xeral de ter un bo manexo da escrita para **comunicármonos en Internet**.

O esforzo por adaptarse aos novos medios

O noso alumnado vive inmerso nun mundo moi concreto como é o actual. Desde logo, vai esforzarse por adaptarse aos novos medios de comunicación e nós como docentes podemos motivar a aprender coa **motivación da publicación na rede**.

Unha rede na que teñen como obxectivo ser comprendidos polas persoas coas que se comunican. Un espazo no que **naturalizamos o feito de publicar** comentarios nos nosos blogues, nas nosas redes sociais, etc.

Facerse entender na web

Aínda que se teñan sinalado algunhas desvantaxes no uso e aproveitamento da rede é moi importante destacar tamén algunha das súas vantaxes.

Cales poderían ser esas vantaxes?

Facerse entender, unha **boa presentación** ou a **calidade da lingua** son elementos que poden motivar ao noso alumnado para mellorar e avanzar nas súas destrezas web.

Se non facede a proba nunha clase e propoñede que o voso alumnado publique algo. Veredes como desexarán que as súas publicacións estean escritas correctamente e sexan entendibles. Mesmo aínda que fose unha publicación só visible para o grupo da aula.

Un novo medio que modifica condutas e actitudes

Pasamos logo dun tempo no que escribir era socialmente algo para profesionais a un tempo no que **todas as persoas escribimos**. Por descontado que segue a haber profesionais como os xornalistas, os escritores e escritoras ou algúns docentes con maior dedicación á escrita. Mais van aparecendo **novos perfís** relacionados co feito de escribir na web. Por exemplo os blogueros e as blogueras, os twitteros, as community managers, etc.

Ademais a comunicación na internet é maioritariamente escrita. Logo o texto escrito e o seu dominio convértense na actualidade nun dos **elementos estratéxicos e socialmente relevantes do novo medio.**

Ás veces, nin somos conscientes mentres os cambios veñen achegándose. Mais se vemos vir estes cambios con claridade nós como docentes temos unha oportunidade de introducir ao noso alumnado na práctica motivadora de mellorar a súa escrita.

O tempo de aprender facendo

Estamos nun tempo no que moitas correntes de aprendizaxe sinalan a **importancia do aprender facendo**. E desde logo que aprender a redactar para a web tamén encaixará nese adestramento a través do aprender facendo. Ninguén mellor que nós como docentes e o noso propio alumando poderemos contrastar e mellorar as nosas experiencias de publicación na web.

Mellorar a aprendizaxe ao mellorarmos a redacción

Como docentes, sabemos que a adquisición dos coñecementos mellora cando os poñemos por escrito. Afondar nas nosas habilidades redactoras fará que cumpramos cos obxectivos dunha boa redacción. Pero ademais, esta boa redacción contribuirá a **fixar, ordenar e mellorar o coñecemento adquirido na aula**.

Logo a redacción para a web pode ser unha **oportunidade** para reforzar a comprensión e expresión dos coñecementos. E como docentes sabemos o estratéxico que pode ser aproveitar as novas tendencias socias para impulsar ao noso alumnado na **motivación por saber.**